



INFORMACIÓN PROCESO DE ADMISIÓN

CURSO: 2023/2024

TÁBOA DE CONTIDO

NORMATIVA DE APLICACIÓN	2
INFORMACIÓN DE INTERESE RELATIVA AO CENTRO	2
TRATAMENTO DE DATOS.....	2
CARÁCTER PROPIO E PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO	2
CONCERTO	3
INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO	3
REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR E NORMAS DE CONVIVENCIA	3
ACTIVIDADES E SERVIZOS: AS ACTIVIDADES ESCOLARES COMPLEMENTARIAS.....	3
SERVIZOS COMPLEMENTARIOS.....	4
ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES	4
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	4
INFORMACIÓN DE INTERESE RELATIVA AO PROCESO DE ADMISIÓN	5
VACANTES PARA O CURSO 2023/2024	5
PRAZOS DO PROCESO DE ADMISIÓN	5
INFOMACIÓN IMPORTANTE	6
DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE AMISIÓN NO NOSO CENTRO	6
ÁREA DE INFLUENCIA E ZONAS LIMÍTROFES	6
CENTROS DE ADSCRICIÓN	7
INFORMACIÓN XERAL ACERCA DO PROCESO DE ADMISIÓN	7
OUTRA INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA.....	8

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, publicado do DOG nº 29, do 11 de febreiro de 2022.
- ORDE do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C), publicado do DOG nº 212, do 8 de novembro de 2022.

INFORMACIÓN DE INTERESE RELATIVA AO CENTRO

TRATAMENTO DE DATOS

Os datos facilitados serán incorporados a unha aplicación informática da Consellería de Educación co obxecto de facilitar a este centro a realización do proceso de admisión de alumnos/as, a baremación das solicitudes e a publicación dos listados provisionais e definitivos de solicitantes admitidos e solicitantes excluídos. As solicitudes e documentación dos alumnos/as que non obtivesen praza neste centro serán remitidas á correspondente Comisión de Escolarización para a xestión do proceso de adxudicación de prazas vacantes noutros centros. Por iso, os pais/nais/titores/as solicitantes de praza, teñen recoñecido o dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición, para o cal, deberán dirixirse por escrito ao titular deste centro a través da Secretaría do mesmo

CARÁCTER PROPIO E PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

O Centro ten un carácter propio e un proxecto educativo no que se define o modo en que desenvolve a súa oferta educativa. Un elemento substancial da devandita oferta é a que caracteriza ao Centro como unha escola católica. Agradecemoslle moi sinceramente a confianza que deposita nesta institución ao manifestar o seu desexo de facernos partícipes da educación do seu fillo/a, así como do compromiso ao respecto, tanto ao carácter propio do Centro como ao seu proxecto educativo.

CONCERTO

O Centro, no presente curso escolar, está concertado coa Consellería de Educación, nas ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Especial. Os Centros concertados están sometidos ás normas reguladoras do réxime de concertos, entre outras, o Título IV da Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do dereito á educación e o artigo 116 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO

No suposto de resultar admitido o seu fillo/a neste Centro concertado, de conformidade co art. 84.10 da LOE, a información de carácter tributario que se precisa para a acreditación das condicións económicas referidas as rendas anuais da unidade familiar, será subministrada directamente á Administración educativa pola AEAT a través de medios informáticos ou telemáticos. Polo tanto, as familias e o Centro deberán axustarse á regulación específica que determine a Administración educativa e, de non ser establecido nada ao respecto, a documentación aportarse ao Centro directamente e, no seu caso, precisará autorización escrita e expresa de pais/nais/titores/as para que a devandita información de carácter tributario sexa subministrada directamente pola AEAT á Administración educativa.

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR E NORMAS DE CONVIVENCIA

O réxime, goberno, organización e funcionamento do Centro e a composición, dereitos e deberes dos distintos membros da comunidade educativa réxense polo establecido nas Normas de Organización e Funcionamento do Centro e as normas de convivencia aplicables no Centro.

ACTIVIDADES E SERVIZOS: AS ACTIVIDADES ESCOLARES COMPLEMENTARIAS

Tódalas actividades extraescolares e os servizos complementarios ofertados polo centro teñen carácter voluntario. O Centro oferta unha serie de actividades escolares e servizos complementarios para o conxunto do alumnado, como parte da súa oferta e servizo educativo, vinculado ao seu Carácter Propio, Proxecto Educativo, á mellora da calidade da ensinanza e á formación integral dos alumnos/as. Nas ensinanzas concertadas, estas actividades son aprobadas polo Consello Escolar, e o prezo das mesmas – que non ten carácter lucrativo – é autorizado pola Consellería de Educación. As actividades complementarias, por outra banda, poden supoñer unha ampliación do horario de permanencia dos alumnos/as no Centro. A participación dos alumnos/as nestas actividades e servizos, con carácter voluntario, constitúe un complemento fundamental para a súa formación e o servizo educativo do Centro. A concreción das actividades para cada curso escolar realízase polo Consello escolar do Centro.

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

O centro oferta os seguintes servizos:

- **Comedor:** xestionado pola empresa Arume – Seruniión.
- **Horario ampliado:** de mañá (a partir das 7:30) e de tardes (ata as 18:30). É xestionado polo Centro Escolar. Ofrécese a posibilidade de almorzar e merendar no centro.
- **Transporte:** servizo prestado pola empresa Benito Abalo e xestionado pola ANPA. Conta con dúas liñas de autobús: Cesures e Vilagarcía de Arousa

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Son xestionadas pola ANPA do centro. Ao comezo do curso lánzase a oferta e as actividades con demanda son as que se realizan ao longo do curso. Entre elas, destacan: Inglés, Taekwondo, Xadrez, Teatro, Ximnasia Rítmica, Multideporte....

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Comprenden aquelas actividades culturais, charlas, obradoiros, excursións.... que se realizan ao longo do curso. Van incluídas na PXA (Programación Xeral Anual) e son aprobadas polo Consello Escolar e autorizadas pola Xefatura Territorial. Aquelas actividades que vaian xurdindo ao longo do curso terán carácter gratuíto.

INFORMACIÓN DE INTERESE RELATIVA AO PROCESO DE ADMISIÓN

VACANTES PARA O CURSO 2023/2024

CURSOS	Nº DE PRAZAS OFERTADAS
4º ED. INFANTIL	22 LIBRES + 3 N.E.E.* = 25
5º ED. INFANTIL	14
6º ED. INFANTIL	7
1º ED. PRIMARIA	6 LIBRES + 3 N.E.E.* = 9
2º ED. PRIMARIA	5
3º ED. PRIMARIA	6
4º ED. PRIMARIA	0
5º ED. PRIMARIA	5
6º ED. PRIMARIA	7

** Prazas reservadas a alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoio Educativo*

PRAZOS DO PROCESO DE ADMISIÓN

Presentación de solicitudes de admisión e documentación	Do 1 ao 20 de MARZO ambos os dous inclusive.
Presentación da documentación acreditativa dos criterios de admisión	10 días hábiles a partir dos 2 días seguintes ao remate do prazo.
Publicación provisional das listaxes de admitidos e non admitidos	Antes do 25 de abril
Reclamacións	5 días hábiles a partir do día seguinte a publicación.
Exposición da listaxe definitiva de admitidos	Antes do 15 de maio
Formalización da matrícula	Do 20 ao 30 de xuño

INFOMACIÓN IMPORTANTE

DESENVOLVEMENTO DO PROCESO DE AMISIÓN NO NOSO CENTRO

Con carácter xeral, o centro convocará aos pais/nais a unha entrevista persoal e individualizada onde se presentará o Centro aos pais/nais, o Proxecto Educativo, os servizos complementarios... e resolveranse todas aquelas cuestións e/ou dúbidas que poidan ter sobre o Centro.

Unha vez aberto o prazo de admisión (1 – 20 marzo), os pais/nais poderán presentar as solicitudes ou ben por vía telemática a través da aplicación “admisionalumnado” da Xunta de Galicia, ou ben, de xeito presencial na secretaría do centro, onde se facilitarán os formularios oficiais.

En caso de haber máis solicitudes que prazas, é necesario baremar. O Centro porase en contacto coas familias para solicitar a documentación necesaria para xustificar os criterios de baremo, indicando o prazo establecido.

A tal fin, o Centro, con data 30/01/2018, aprobou por decisión do Consello Escolar o seguinte **Criterio Complementario**, cun valor de 1 punto, que será acreditado polo propio Centro: “Ser familiar de antigo/a alumno/a no seguinte grao de parentesco: Fillo/a, Irmán/á, Neto/a, Sobriño/a 1º e Curmán/á 1º”.

Asemade, porémonos en contacto coas familias para comunicar os admitidos e non admitidos, ademais de publicalo a través dos medios establecidos na lexislación (taboleiro de anuncios e aplicación)

Para formalizar a matrícula (20-30 de xuño), tamén será o Centro o encargado de poñerse en contacto coas familias para convocalos para firmar a documentación pertinente. En caso de transcorrer o prazo sen haberse formalizado a matrícula, o Centro poderá dispoñer da praza a favor doutro alumno/a.

ÁREA DE INFLUENCIA E ZONAS LIMÍTROFES

A área de influencia comprende todo o Concello de Caldas de Reis, incluíndo o Casco Urbano e as parroquias (Tivo, Arcos da Condesa, Saiar, Godos, Carracedo, San Clemente e Santo André)

Considéranse zonas limítrofes todas as que limiten coas áreas de influencia, con independencia da súa pertenza ao mesmo ou a distintos concellos.

CENTROS DE ADSCRICIÓN

O noso Centro está adscrito ao **CPR Plurilingüe San Fermín**, o que significa que os nosos/as alumnos/as teñen praza reservada nese centro para a realización da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO)

INFORMACIÓN XERAL ACERCA DO PROCESO DE ADMISIÓN

A Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (códigos de procedemento ED550A, ED550B e ED550C), publicado do DOG nº 212, do 8 de novembro de 2022, establece que:

1º Todo o alumnado incluído no ámbito desta orde poderá presentar solicitude de admisión, pedindo ata seis (6) centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren. Esta solicitude de admisión dirixirase ao centro solicitado en primeiro lugar.

Despois de presentar unha solicitude de admisión, para renunciar a ela deberá facerse expresamente, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude que deberá presentarse.

2º O alumnado que teña prioridade para continuar estudos nun centro de adscrición pode exercer o seu dereito á reserva de praza presentando solicitude de reserva no centro adscrito, isto é, no que está matriculado nese momento, e identificará o centro de adscrición que solicita.

3º En todo caso, a solicitude de reserva ou de admisión é única para cada alumno/a e ten carácter vinculante. A súa presentación implica que son certos os datos indicados nela.

A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior e, así mesmo, a existencia dunha solicitude de admisión sen ter renunciado á praza reservada a 28 de febreiro (este incluído) poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento nos termos previstos no artigo 8.

4º A admisión e a matriculación nun centro docente público ou privado concertado implicarán respectar o proxecto educativo e o carácter propio do centro privado concertado, se o tivese.

5º Ás familias que poderán consultar na aplicación “admisionalumnado” (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>):

a) O cronograma coas datas dos trámites principais do procedemento de reserva, admisión ordinaria e matrícula.

b) A previsión de postos escolares dispoñibles e as súas modificacións.

c) A relación do alumnado de cada curso, co número da solicitude de admisión asignado pola aplicación “admisionalumnado” no momento da súa gravación.

d) O estado de tramitación da súa solicitude utilizando o número de solicitude e o número de DNI da persoa solicitante.

e) A listaxe do alumnado con posto reservado e a listaxe provisional e definitiva do alumnado admitido coa puntuación total e do alumnado non admitido, utilizando calquera dos mecanismos de identificación admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o certificado dixital e Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

OUTRA INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

Os demandantes de praza no Centro poderán solicitar a información adicional que consideren axeitada para completar o seu coñecemento das características do mesmo e da súa oferta educativa. A tal efecto, teñen a súa disposición os seguintes medios de contacto e información

- Secretaría do Centro: en horario de 09:30 a 13:00 de luns a venres ou con cita previa (fora dese horario)
- Teléfono: 986 54 00 52 (en horario escolar)
- Correo electrónico: caldas@salesianas.org
- Páxina web do Centro na seguinte dirección: <http://www.caldas.salesianas.org>